

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE TRABAJO FIN DE ESTUDIOS
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DA CORUÑA
TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

CURSO 2023/24 VENTO-MADEIRA

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: TRABAJO FIN DE ESTUDIOS										
ESPECIALIDADE:	INTERPRETACIÓN				ITINERARIOS:	VENTO MADEIRA				
CARÁCTER:					TIPO DE CLASE:					
DEPARTAMENTO:	VENTO MADEIRA				XEFE DE DPTO.:	ISMAEL VAQUERO				
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:	ISMAEL VAQUERO				
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	
ECTS/CUAD.	-	-	-	-	-	-	10	Observacións:	O alumno/a terá un titor/a asignado da especialidade, co que realizará as necesarias titorías para o asesoramento no correspondente traballo	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS				EMAIL/TEL/WEB		TITORÍA			
	Ismael Vaquero				ismaelvaquero@edu.xunta.es		Luns de 12:30h. a 13:30 h			
	Marta Sancho				msanchoclarinet@gmail.com		Mércores de 9:00 h. a 10:00 h.			
	Uxía Bolaño				uxia.bolanho@edu.xunta.gal		Martes de 18:30h. a 19:30 h			
	Julio Cabo				cabo60@gmail.com		Venres de 13:00 h. a 14:00 h.			
	Marta Comesaña				marta.comesana@edu.xunta.gal		Martes de 17:30h. a 18:30 h			
	Pablo Coello				pablocoello@yahoo.es		Venres de 11:00 h. a 12:00 h.			
	Adrián Pais				adrianpais88@hotmail.com		Venres de 10:00 h. a 11:00 h.			
	Alejandra Rivera				alerverfer@gmail.com		Mércores de 19:00 h. a 20:00 h.			



2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Interpretación dun concerto público con elaboración e defensa dun traballo académico que poderá versar sobre diversos aspectos do repertorio elixido, do seu instrumento ou calquera outra temática relacionada coa especialidade e itinerario.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Son coñecementos previos todos os abordados ao longo de todos os estudos conducentes á titulación na especialidade e itinerario correspondente. Requírese estar matriculado nos créditos da disciplina do traballo fin de estudos, así como o cumprimento dos prazos e normas establecidas no protocolo correspondente, aprobado polo centro. A presentación pública do TFE estará condicionada á superación de todas as disciplinas que integran o plan de estudos da súa especialidade.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	A disciplina do traballo fin de estudos ten relación directa con todas as disciplinas da especialidade e itinerario correspondente.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15, T16
COMPETENCIAS XERAIS:	X2, X3, X5, X7, X8, X10, X13, X21, X25
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI6, EI8, EI10
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 do 29 de outubro	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
-Elaborar e defender un traballo académico que integre, sintetice e aplique os coñecementos teóricos adquiridos ao longo dos cursos e saber buscar e seleccionar información valorando de xeito crítico	T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15, T16, X5, X8, X10, X13, X25, EI6.
-Interpretar un concerto público onde se reflectan todos os coñecementos prácticos e artísticos adquiridos ao longo das disciplinas cursadas.	T1, T2, T3, T6, T15, T16, X2, X3, X7, X8, X13, X21, X25, EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI8, EI10

4. CONTIDOS	
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS
Exercicio escrito (Traballo académico e defensa do mesmo)	<ul style="list-style-type: none"> - O traballo poderá versar sobre diversos aspectos do repertorio elixido, do seu instrumento, ou calquera outra temática relacionada coa especialidade, tanto en aspectos históricos, estilísticos como didácticos, e aprobada polo departamento. - Deberá ter unha extensión mínima de 20 páxinas (contendo polo menos 5.500 verbas), tamaño DIN A4, letra Arial tamaño 12, a dobre espazo, sen contar coas referencias bibliográficas e os títulos. Recoméndase un máximo de 60 páxinas. - Deberá estar debidamente presentado, cunha correcta encadernación, que permita a súa posterior garda na biblioteca do centro. - Dito traballo deberá conter un resumo do mesmo nun idioma estranxeiro, en galego e mais en castelán de ata 300 verbas.



	<p>- O alumno/a disporá dun máximo de 20 minutos para a defensa do seu traballo académico, a continuación o tribunal abrirá un proceso d debate ou poderá formular rolda de preguntas, cun máximo de 10 minutos para dita parte.</p>
Interpretación	<p>- Terá unha duración de entre 45 e 70 minutos, coa posibilidade dun descanso opcional que non computará no tempo e que non debe exceder de 15 minutos.</p>
Proposta	<p>- O 6 de outubro publicaranse no taboleiro de anuncios a listaxe coa asignación dos/as titores/as.</p> <p>- O/A alumno/a presentará a proposta ao departamento a través do/a seu/súa titor/a. O/A titor/a terá de prazo para enviala ao xefe de departamento ata o 3 de novembro. O modelo para presentar dita proposta atópase na páxina web do centro (apartado de Secretaría). Constará alomenos dos seguintes puntos: Título, Xustificación, e Índice Xeral</p> <p>- O departamento terá de prazo ata o 15 de novembro para resolver as propostas. O/A xefe/a de departamento comunicará por correo electrónico a cada alumno/a e á xefatura de estudos a resolución das mesmas.</p> <p>- De non considerarse idónea a proposta formulada, o/a alumno/a deberá aceptar os cambios propostos polo departamento ou formular unha nova proposta. Neste caso, o/a alumno/a disporá ata o 1 de decembro para reformular a súa proposta.</p> <p>- Se ao longo do desenvolvemento do traballo xurdise a necesidade de modificar calquera aspecto do TFE, o/a alumno/a solicitarao ao departamento correspondente (empregarase o mesmo modelo que para a proposta inicial) a través do/a seu/súa titor/a, e unha vez revisada a petición, resolverá o que proceda, informando directamente ao/a alumno/a, a través do correo electrónico. O prazo para presentar as propostas de modificación do TFE será de ata 30 días naturais antes de depositar o traballo, programa, etc.</p> <p>-Os alumnos/as que aproben disciplinas nas datas de adianto de convocatoria e se matriculen do TFE en decembro realizarán a proposta de TFE entre o 11 e o 15 de decembro. A aceptación da proposta por parte do departamento realizarase antes do 12 de xaneiro.</p>
<p>Deberá consultarse a circular vixente 10/2014, a Orde do 21 de novembro de 2016 (dispoñibles na web do centro no apartado de lexislación). Así como os documentos relativos o desenrolo de TFE que se publiquen no centro</p>	
Entrega do traballo	<p>-O/A alumno/a entregará o traballo na secretaría do centro nas seguintes datas:</p> <p>15 de xaneiro: para os que realicen o TFE na convocatoria do 5 de febreiro ao 8 de marzo.</p> <p>20 de maio: para os que realicen o TFE na convocatoria ordinaria (10 de xuño a 5 de xullo)</p> <p>17 de xuño: para os que realicen o TFE na convocatoria extraordinaria (8-17 de xullo)</p> <p>No caso do alumnado que dispoña do 1º cuadrimestre para a realización da convocatoria extraordinaria do TFE, ata tres semanas antes da data solicitada.</p> <p>En caso de non presentalo no prazo establecido non se convocará o tribunal e o alumno non poderá realizar o exame.</p> <p>Presentarase no formato establecido na Circular 10/2014, apartado 3.2, e cumprimentando o formulario correspondente, que levará o visto e prace do/a profesor/a titor/a. Entregarase unha copia en papel debidamente encadernada, máis unha copia en formato dixital, que será enviada ó correo de vicedirección@csmcoruna.com xunto co programa a interpretar e toda canta información se queira achegar para a elaboración dos programas de man, polo menos deberán conter: programa a interpretar (autor, obra, movemento, etc.), músicos participantes (de ser o caso) e breve currículo do/a alumno/a. Os programas de man e carteis serán elaborados polo centro.</p>
1	



DATAS DE REALIZACIÓN E PRAZOS DE SOLICITUDE DE DATA:

ALUMNOS QUE APROBAN TODO NO ADIANTO DE CONVOCATORIA OU NA CONVOCATORIA ORDINARIA DO 1º CUADRIMESTRE

Datas de realización:

Dous prazos a elixir:

Convocatoria ordinaria:

A. Do 5 de febreiro ao 8 de marzo.

Solicitud de datas para realizar o TFE: do 8 ao 12 de xaneiro

B. Do 10 de xuño ao 5 de xullo

Solicitud de datas para realizar o TFE: do 13 ao 22 de maio

Convocatoria extraordinaria:

A. En caso de ter realizado a ordinaria entre o 5 de febreiro e o 8 de marzo, a extraordinaria será entre o 10 de xuño e o 5 de xullo

Solicitud de datas para realizar o TFE: do 13 ao 22 de maio

B. En caso de ter realizado a ordinaria entre o 10 de xuño e o 5 de xullo, a extraordinaria será ata o remate do período lectivo do 1º cuatrimestre.

Solicitud de datas para realizar o TFE: do 8 ao 18 de xullo

ALUMNOS QUE APROBAN TODO NA CONVOCATORIA ORDINARIA DO 2º CUADRIMESTRE

Convocatoria ordinaria:

Do 10 de xuño ao 5 de xullo

Solicitud de datas para realizar o TFE: do 13 ao 22 de maio

Convocatoria extraordinaria:

Ao longo do 1º cuatrimestre do seguinte curso, ata o remate do período lectivo do 1º cuatrimestre

Solicitud de datas para realizar o TFE: do 8 ao 18 de xullo

ALUMNOS QUE APROBAN TODO NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DOE XULLO

Convocatoria ordinaria:

Do 8 ao 17 de xullo

Solicitud de datas para realizar o TFE: do 3 ao 7 de xuño

Convocatoria extraordinaria:

Ao longo do 1º cuatrimestre do seguinte curso, ata o remate do período lectivo do 1º cuatrimestre

Solicitud de datas para realizar o TFE: do 18 ao 26 de xullo

Os/As alumnos/as que non soliciten data de realización no prazo correspondente asignáraselles unha de oficio no período que corresponde, e en caso de non presentarse, cualificarase con Non Presentado.

5. METODOLOXÍA, ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN				
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN		CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN	TOTAL HORAS
Proposta dun traballo académico		Non presencial	Ver punto 4	
Elaboración dun traballo académico	Parte 1: Consulta de fontes	Non presencial	Primeiro cuadrimestre	
	Parte 2: Redacción marco teórico ou síntese dos contidos das fontes consultadas	Non presencial	Primeiro cuadrimestre	
	Entrega de borrador escrito da parte 2 e revisión	Presencial	Titoría do 8 ao 12 de xaneiro	
	Parte 3: Desenrolo do obxecto de estudio	Non presencial	Durante o Segundo cuadrimestre ata 18 de marzo	
	Entrega de borrador escrito da parte 3 e revisión	Presencial	Titoría do 18 ao 22 de marzo	
	Parte 4: desenrolo da discusión e conclusións	Non presencial	Segundo cuadrimestre	
	Entrega do traballo e revisión da parte 4 Corrección final das partes anteriores, sempre que se cumpriran as datas de entrega	Presencial	Titoría do 29 de abril ao 3 de maio	
	Seguimento da evolución do traballo	Presencial		
Proposta dun programa de concerto solista		Non presencial	Ver punto 4	
Ensaio para a preparación da presentación pública dun concerto solista		Presencial	Regulares	
Titorías		Presencial	Regulares	
Exposición e defensa do traballo académico		Presencial	Ao final segundo calendario. Ver punto 4	
Interpretación pública do concerto		Presencial	Ao final segundo calendario. Ver punto 4	

6. AVALIACIÓN

O alumno/a disporá de dúas convocatorias, ordinaria e extraordinaria respectivamente, para a superación desta disciplina. A avaliación e cualificación correspondente á convocatoria ordinaria realizarase ao remate do segundo cuatrimestre de cada ano académico, e a correspondente á convocatoria extraordinaria realizarase no mes de xullo. De ser o caso, o alumnado que non supere ou non presente o traballo fin de estudos (TFE) no curso escolar en que finaliza os estudos, terá dereito a utilizar as convocatorias correspondentes durante o primeiro cuatrimestre do seguinte ano académico.

6.1. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

Interpretación pública do concerto e exposición e defensa do traballo académico.

6.2. Criterios de Avaliación sobre a Interpretación do Recital

Domino das capacidades técnicas propias do itinerario: control dos recursos técnicos propios do instrumento:	Control/dosificación del aire; calidade e homoxeneidade do son; control da afinación; riqueza tímbrica; gradacións dinámicas.	Ata 3,5 puntos
	Fidelidade ao texto: Execución rítmica precisa e segura, coa correcta interpretación dos signos de articulación e expresión, mantendo as relacións agónicas de cada obra	Ata 3,5 puntos
Coherencia e rigor estilístico	Orixinalidade e interese interpretativo, mantendo a coherencia e rigor estilístico na interpretación do programa.	Ata 3 puntos

6.3. Criterios de Avaliación do Traballo Académico

O tratamento do contido do traballo será orixinal, de maneira que de detectarse que o/a alumno/a utiliza textos ou teorías de calquera clase de terceiros, aparentando que é da súa propia autoría, será considerado plaxio e cualificado con 0 puntos.

Aspectos formais do traballo	Claridade de ideas, de exposición e de organización da información. Proporción axeitada e coherencia entre as partes do traballo Riqueza lingüística no discurso	Ata 2 puntos
Fundamentación teórica do traballo	Suficiencia e profundidade do marco teórico, de xeito que se demostre ter coñecementos sobre o desenvolvemento e o nivel alcanzado no tema tratado.	Ata 2 puntos
Documentación de apoio actualizada e referencias bibliográficas citadas conforme ás normas utilizadas no traballo		Ata 2 puntos
Creatividade e orixinalidade na abordaxe e na presentación da temática. Interese e rigor nas conclusións do traballo		Ata 2 puntos
Exposición e defensa pública do traballo		Ata 2 puntos
Criterio para a concesión de Matrícula de Honra.	Os alumnos que acaden unha cualificación de 9,5 ou máis serán propostos para obter matrícula de honra. No caso de que o número de matrículas posibles que se podan conceder sexan menor ao número de alumnos que acaden esta cualificación mínima, darase prioridade aos alumnos que obteñan maior cualificación no TFE. No caso de haber alumnos coa mesma cualificación e tendo que dirimirse a concesión de matrícula de honra, resolverase en función da nota máis alta na media do expediente académico.	

É requisito imprescindible aprobar as dúas partes para obter a nota final, que xurdirá da ponderación das notas do Traballo Académico (20%) e do Recital (80%).